




Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 1081710DDY	
Código de verificación  2F5X 1N1U 3Q2P 5B3S 0RGP	Expediente 108/2023/1861	
	Data 30-11-2023	

ANUNCIO

Resolución da convocatoria de cobertura temporal do posto de traballo da xefatura de Servizo de Edificación (nº ref. 1911) fundamentado nos informes que constan no expediente

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 22 de novembro do 2023, adoptou a seguinte resolución:

1. Destinar a Don Jorge Juan Cao Abad (NIF ***0794**), en comisión de servizos, ao posto de xefatura de servizo de Edificación (nº. ref. 1911 na RPT).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Un. Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Req. Esp.	El.. Espec.	FP	Adm.
Edificación	GD0000	Edificación	1911	Xefatura Servizo	A1	28	AE	5301	FR14 ED	CE	TD

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución ao interesado, á Dirección da Área de Urbanismo e á Dirección de Centros e RR.HH. da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa

contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa.

No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Manuel Angel Jove Losada